


A muralla de Lugo cumpre vinte anos como Patrimonio da Humanidade! Vinte anos nos que o noso monumento máis senlleiro se presentou ao mundo para falarlle dunha cidade bimilenaria na que a cultura sempre ocupou un lugar destacado. Despois de 1700 anos de historia, a muralla pode dar conta de milleiros de acontecementos que marcaron a vida do país e das súas xentes. Entre eles, sen dúbida, a situación que estamos atravesando por mor da pandemia ficará na memoria como un dos momentos difíciles que fomos quen de abordar.

Unha situación que superaremos grazas á responsabilidade individual, ao esforzo de milleiros de persoas, á ciencia... mais tamén grazas á literatura, ao cine, á música, á danza, ao teatro... grazas á **cultura** que nos demostrou, máis unha vez, que en momentos de incerteza buscamos nas historias contadas, cantadas, escritas... entretemento, conforto e respostas. Nos últimos meses, a través dos libros, fomos quen de construír unha Muralla que nos protexeu emocionalmente nas nosas casas confinadas, unha muralla de fantasía que nos permitiu voar coa imaxinación e ofrecerlle aos nenos e ás nenas un mundo de recursos necesarios para enfrontar e entender esta difícil situación.

Agora, que malia as restricións podemos xuntarnos, queremos erguer unha nova muralla, unha **MURALLA DE LETRAS** da que pendurar memorias, contos, poemas, cancións... Un punto de encontro e un punto de partida para un reflexionar sobre o novo mundo que nos agarda.

Animádevos a participar desta Muralla de Letras! Mercade e agasallade libros na vosa librería habitual e vide asinar os vosos exemplares nos horarios previstos. Apoando o noso pequeno comercio tamén lle facemos fronte ás pandemias!



MURALLA DE LETRAS

11, 12 e 13 de decembro 2020

Centro Cultural **O Vello Cárcere (Lugo)**

Inscripcións en: cultura@deputacionlugo.gal



MURALLA DE LETRAS

11, 12 e 13 de decembro 2020
Centro Cultural **O Vello Cárcere**

Inscripcións en: cultura@deputacionlugo.gal

||||| VENRES 11

TARDE

INFANTIL

^^ CONCERTO

Magín Blanco

O QUE LEVAMOS NAS MALETAS

Magín Blanco, creador de "A nena e o grilo", "A nena e o grilo nun barquiño" ou "Gatuxo", interpretará en directo unha selección de pezas musicais para público infantil acompañadas dunha narración. Un contacontos musicado para estimular a creatividade e a curiosidade polas letras e as palabras, pola lingua, polos contos e a música. Para gozar en familia!

17:00 h e 18:30 h · Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

**** Merca as obras de Magín Blanco na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do concerto.**

PÚBLICO ADULTO

^^ ENCONTROS LECTORES

Ledicia Costas (Premio da Cultura Galega 2020. Categoría de Letras)

en conversa con **Eva Mejuto**

A autora de obras como "Infamia", "Un animal chamado Néboa", "Escarlatina a cociñeira defunta", "Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta" ou "A balada dos unicornios", entre outros títulos, falaranos do oficio da escrita, da súa obra e universo creativo, facendo especial fincapé nas súas máis recentes publicacións, así como de futuros proxectos literarios.

18:30 h · Espazo central do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca as obras de Ledicia Costas na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do encontro.**

||||| SÁBADO 12

MAÑÁ

INFANTIL

^^ CONTACONTOS ←

O POETA DO MIÑO

O colectivo **Polo Correo do Vento** cantará e debuxará a divertida historia dunha saramaganta moi especial. Trátase dunha píntega escritora e aventureira que baixa polo río Miño porque quere ver o mar. Grazas a esta aventura homenaxeará ao noso querido poeta Manuel María.

12:00 h e 13:00 h - Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

PÚBLICO ADULTO

^^ VERMÚ CON... ←

María Lado e Lucía Aldao

Presentación de **NINGUÉN MORREU DE LER POESÍA** Ed. Xerais 2020.

O libro "Ninguén morreu de ler poesía" é un "estiven en Aldaolado e lembreime de ti" en toda regra. E nós, Aldao e Lado, que levamos quince intensos anos de ruta polo país da poesía, imos ir a Lugo a levarche o "souvenir" en persoa, a contarche a viaxe, as batallas, os segredos das aventuras que nos levaron aos poemas. Ídelo perder?

13:00 h - Espazo Central do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca as obras de María Lado e Lucía Aldao na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do vermú.**

||||| SÁBADO 12

TARDE

INFANTIL

^^ CONCERTO ←

Paco Nogueiras

«EXTRA!»

Logo de "Radio Bulebule" e de "Brinca vai!" (III Premio Martín Códax da Música - Infantil), Paco Nogueiras, fiel á frescura do seu estilo e á súa conexión co público infantil, convidanos a gozar de ritmos modernos, marchosos e bailables nun concerto especialmente pensado para a rapazada. Que mellor para o frío que bailar?

16:30 h e 17:30 h - Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

**** Merca as obras de Paco Nogueiras na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final dos concertos.**

^^ CONTACONTOS ←

Anxo Moure

UNHA ÁRBORE VÉN A VERNOS

Teixos, aciñeiras, buxos, freixos, sobreiras... viaxan ao lombo de Caramulo (o xinete das árbores) acompañando ao Carballo con botas para levar de viaxe ás nenas e nenos de Lugo ata os bosques da provincia: dende a fraga da Marronda ata os bosques dos Ancares e O Courel pasando polas fragas da Ribeira Sacra ou o bosque da Illa de Seivane no Miño.

16:30 h e 17:30 h - Espazo central do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

||||| SÁBADO 12

TARDE

PÚBLICO ADULTO

^^ PROPOSTAS LECTORAS ←

Presentación de **SETENTA IDEAS PARA A (POS)PANDEMIA**

“Unha reflexión arredor do novo escenario mundial” **Catro Ventos Editora 2020**

Participan: **Pilar García Negro, María Xesús Nogueira e Fernando Ramallo**

A chegada imprevista da COVID-19 a unha sociedade que se pensaba intocable supuxo e supón un novo paradigma vital caracterizado por un contexto imprevisible e descoñecido. Conscientes da necesidade de aproveitar a nova realidade para cambiar a nosa maneira de relacionarnos e interactuar co mundo, este libro recompila as reflexións de Manuel Fernández Blanco, Pilar García Negro, María Xesús Nogueira, Manuel Outeiriño, Fernando Ramallo, Francisco Sampedro Ojeda e Iolanda Teixeira Rei sobre cara a onde nos diriximos, que podemos esperar destes novos «tempos interesantes» e como podemos abordalos.

19:00 h - Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca este título na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do acto.**

^^ PROPOSTAS LECTORAS ←

Presentación de **UN SEÑOR ELEGANTE**, de **Suso de Toro Ed. Xerais 2020**

A familia Baltar atesoura un sorprendente patrimonio cultural e humano. Atraído polo insólito perfil dalgún dos seus membros, o escritor Suso de Toro realiza unha indagación para reconstruír a historia da familia que, en distintos momentos, protexe a Rosalía de Castro e Murguía e logo á familia Castelao ou a Dieste.


20:00 h - Espazo Central do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca este título na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do acto.**



MURALLA DE LETRAS

11, 12 e 13 de decembro 2020

Centro Cultural **O Vello Cárcere**

Inscricións en: cultura@deputacionlugo.gal

DOMINGO 13

MAÑÁ

INFANTIL

^^ **CONTACONTOS**

CONTOS PARA CAGHAR PATATILLAS, con Brais das Hortas

Música, “clown” e contos a partes iguais nesta proposta para toda a familia. A Santa Compañía cantando un “trap”, o home do saco, a verdadeira canción de como morreu Tranquilo, un ataque de salouco, unha base creada ao vivo cunha “loop station”, sete bruxas que voan de Moaña a Sevilla nunha barca, instrumentos de refugallo creados en directo... e moito máis. Un espectáculo para morrer de medo... ou de risa!

12:00 h e 13:00 h - Espazo central do Vello Cárcere

inscricións en **cultura@deputacionlugo.gal**

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

PÚBLICO ADULTO

^^ VERMÚ CON...

Luís López Alonso

Presentación do libro de poemas **SALÍFERO** Ed. Urutau 2020

Ademais dun diálogo aberto ao redor da obra, compartirase unha mostra audiovisual experimental elaborada durante a fase de bosquexos do proxecto artístico multidisciplinar baseado no poemario e a cargo de **Rafael Mallo** e voces convidadas.

13:00 h - Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en **cultura@deputacionlugo.gal**

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca este título na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do vermul.**

DOMINGO 13

TARDE

INFANTIL

^^ CONCERTO

Paco Cerdeira, “Pakolas”

ROCKEANDO CON RAMONA ÓRBITA, A DONA DO TEMPO

Ed. Galaxia 2020

Chega Ramona Órbita coa súa máquina cargada de rock and roll, disposta a percorrer os tempos para aprender a protexer a natureza!!!

Contaremos e cantaremos con ritmo moi rockeiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega do Courel, posuidora dunha horta cibernética e unha perfeccionada máquina do tempo. Contra a pandemia... moito rock!

16:30 h e 17:30 h - Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en **cultura@deputacionlugo.gal**

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

^^ **CONTACONTOS**

HISTORIAS DA MALETRA, con **Raquel Queizás**

O O está agochado detrás do Q, os R andan a rir e rir cos I mentres o C e o G axudan ao H a facer ruído... Todas as letras xuntiñas viaxan e xogan dentro da miña maleta. E cando a abro para coller as miñas cousas todas as letras corren para fóra bailando e formando palabras que xogan á roda e me contan ao ouvido fermosas historias.

Historias que levan moito tempo andando polo mundo, de boca en boca, de soño en soño.

16:30 h e 17:30 h - Espazo central do Vello Cárcere

inscricións en **cultura@deputacionlugo.gal**

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

****Dobre pase.**

||||| DOMINGO 13

TARDE

PÚBLICO ADULTO

^^ ENCONTROS LECTORES

Marica Campo en conversa con **Eva Teijeiro**.

A autora de "Pedinche a luz prestada", "Memoria para Xoana" ou "Sextinario" entre outros títulos, falaranos do seu percorrido literario no eido teatral, poético, narrativo... facendo especial fincapé nas súas máis recentes publicacións: "Nós, outras" e o libro colectivo "Entre donas".

18:30 h · Espazo central do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca as obras de Marica Campo na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do acto.**

^^ ENCONTROS LECTORES

ÁMBOA: UNHA EDITORA DE LIBROS DESBORDADOS

Das orixes, presente e futuro deste proxecto editorial de mulleres de Lugo falarannos **María Grandío Montes** e **Nieves Neira Roca**, coa participación de **María Corral Fernández**.

Difundir e reforzar as conexións entre a literatura galega e a portuguesa, e facelo coa proposta de proxectos editoriais pouco comúns. É o desexo desta asociación editorial que se materializa en formatos e libros desbordados, libros que exceden o papel antes da súa concepción e que logo o traspasan para ir fóra da materialidade física impresa.

19:30 h · Auditorio do Vello Cárcere

inscricións en cultura@deputacionlugo.gal

pasados 10 minutos do inicio da actividade, a entrada será libre ata completar a capacidade do espazo

**** Merca as obras de Ámboa Editora na túa librería habitual.**

**** Sinatura de exemplares ao final do encontro.**



MURALLA DE LETRAS

11, 12 e 13 de decembro 2020

Centro Cultural **O Vello Cárcere**

Inscricións en: cultura@deputacionlugo.gal